

As “adendas”

The "adenda"

AUTOR

Jesús Sueiro Justel

Vogal de prensa da AGAMFEC

Autor para correspondencia: Jesús Sueiro Justel. Email: jesussueirojustel@gmail.com

A Agamfec (Asociación Galega de Medicina de Familia e Comunitaria) foi creada no ano 1982 a pouco da creación da especialidade de medicina familiar e comunitaria e, foi a primeira de todas as asociacións federadas que constituiron a Semfyc (Sociedade Española de Medicina de Familia y Comunitaria). Este contexto é fundamental para entender o gran compromiso coa especialidade e a loita pola súa excelencia e calidade nun tempo no que ningunha outra asociación mantiña esa defensa tan belixerante.

Vendo esta historia penso que podemos pedir, honestamente, o recoñecemento das nosas críticas fronte aos ataques que periodicamente sofre a nosa especialidade e, reclamar con orgullo o papel de vixía da calidade da formación dos residentes que a nosa historia referencia.

Por estas razóns volvemos a poñer a voz en alto para denunciar a reiterada "adenda" que, saltándose as normas legais da especialidade, vén de ofertar a consellería aos residentes de cuarto ano.

O obxecto desta medida non é outra que acortar tres meses o período formativo e poñer a traballar como adxuntos a residentes sen ter finalizado dito período formativo.

Esta nova medida, aparte de quedarse fóra da legalidade, supón unha absoluta falta de consideración cara aos titores que, co seu entusiasmo e esforzo (sen retribución algunha) contribúen á mellor formación posíbel dos futuros médicos de familia, para que poidan dar a súa mellor versión á sociedade.

No derradeiro ano de formación a relación co residente é diaria e artéllase unha complicidade definitiva que se ve interrompida por esta medida absolutamente desafortunada. O argumento da falta de médicos que manexa a administración queda descalificado dende o momento que non se aplica noutras especialidades tamén deficitarias. Vólvese a considerar a nós como de segunda fila.

Non podemos baixo ningún concepto considerar o recorte na formación e a desconsideración cos formadores como medidas amigables coa nosa especialidade, polo que denunciaremos ante a opinión pública semellante despropósito agardando non ter que tomar medidas legais para revertelo.